

ROTEIRO: SAN XOAN DE MOSTEIRO - MUÑOS DE PORTAFURADO

PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL RÍO ALÉN

(REDE NATURA 2000)




A metade noroeste do concello de Covelo caracterízase polos abruptos desniveis creados polo río Alén no seu discurrir entre a Serra do Suído e o Coto de Eiras. Este río que forma parte da Rede Natura 2000, a rede europea de espazos naturais protexidos, drena as caeiras e planaltos destas dúas serras para aportar as súas augas ó río Tea, formando no seu conxunto unha das redes fluviais mellor conservadas do sur de Galicia en canto á calidade das súas augas, os seus hábitats de ribeira, e especies animais e vexetais.

O roteiro do Alén ofrecenos a oportunidade de achegarnos ós valores naturais deste afluente do Tea, de xeito particular no tramo comprendido entre a ponte do Alén e San Xoán de Mosteiro. Dous hábitats de bosque destacan neste percorrido: o bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixa (*Fraxinus angustifolia*), hábitat de conservación prioritaria segundo a normativa comunitaria, e unha noviña carballeira termófila dominada polo carballo (*Quercus robur*) e o loureiro (*Laurus nobilis*), que constitue un dos tipos de bosque más ameazados de Galicia ó ter coincidido a súa área de distribución natural co asentamento dunha densa poboación humana na franxa costeira do país.

Nas especies vexetais a xiba/berla (*Ruscus aculeatus*), unha planta relictá do Terciario (*Wooliwardia radicans*) e árbores escasas na provincia de Pontevedra como o lamagueiro (*Ulmus glabra*) aumentan a rica biodiversidade destes hábitats de bosque e contribúe na incrementar o seu valor e necesidade de conservación.

A fauna da zona, á lóxica presenza de especies do medio acuático como o migrador ameán ou reo (*Salmo trutta trutta*) que mesmo posúe un topónimo propio no río Alén: a "poza dos ameáns", ou a lontra (*Lutra lutra*). Engade a posibilidade de disfrutar coa experiencia única de sentir o canto á noitinha do bufo real (*Bubo bubo*) nas abruptas e fraguentas penedias das Costas do Alén.



ROTEIRO: SAN XOAN DE MOSTEIRO - MUÍÑOS DE PORTAFURADO

PATRIMONIO DO RÍO ALÉN E BARCIA DE MERA


(REDE NATURA 2000)



MUÍÑOS DE PORTAFURADO



REITORAL DE BARCIA DE MERA



A barcia do Alén, a chaira asociada a este río e na que depositou perante milleiros de anos os materiais que arrincou das serras do Suído e Coto de Eiras, constitúiu a base do outrora puxante desenvolvemento agrogandeiro e económico da parroquia de Barcia de Mera. A explotación agraria sostible destas ricas terras aluviais do val, apoiada na actividade gandeira no monte comunal deu lugar á acumulación dun rico patrimonio etnográfico do que podemos desfrutar ó percorrer o roteiro do Alén, particularmente no tramo comprendido entre a ponte do Alén e Portafurado.

Segundo avanzamos no camiño acumúlanse as infraestruturas de comunicación que salvan o río Alén como a ponte de San Xoán de Mosteiro e a ponte do Alén así como os muros e pavimentos que delimitan a propia traza do camiño e que permitían comunicar os lugares nos que vivian e traballaban os veciños de Barcia de Mera. A xeralización a partires do século XVII de cultivos foráneos como o millo (*Zea mays*) e a patata (*Solanum tuberosum*) incrementou a produtividade destas xa de por si fecundas terras de fondo de val e á riqueza da parroquia. O esforzo dos habitantes, a renovada riqueza da terra e probablemente un certo peso político e administrativo por mor da estreita relación co mosteiro de Melón permitiron erixir verdadeiras xoias do patrimonio arquitectónico rural galego como a Igrexa de San Martiño de Barcia de Mera, a Casa Reitoral, e a Casa do Souto ou da Inquisición.

Paralelamente son mostras da necesidade de transformación da produción agraria co aproveitamento da forza da auga, os muíños dos que o mellor exemplo atopámolo no conxunto de muíños de Portafurado.



PONTE SOBRE O RÍO ALÉN



A

B

C

D

E

F

G

H

I

J

K